

## **RUSSULA GALOCHROA (Fr.) Fr. EN GALICIA (N.O. PENÍNSULA IBÉRICA)**

por

J.ALONSO<sup>1</sup> et O. REQUEJO<sup>2</sup>

ALONSO, J. et REQUEJO, O. 2013. *Russula galochroa* (Fr.) Fr. en Galicia (N.O. Península Ibérica). *Mykes* 16: 13-17.

### **RESUMO:**

Detallase a recolección do taxón *Russula galochroa* (Fr.) Fr. en Galicia cunha descrición, observacións e material gráfico.

**Palabras clave:** *Russula*, *Russulales*, *Basidiomycota*, Galicia, Península Ibérica.

ALONSO, J. et REQUEJO, O. 2013. *Russula galochroa* (Fr.) Fr. in Galicia (N.W. iberian peninsula). *Mykes* 16: 13-17.

### **SUMMARY:**

The collection of *Russula galochroa* (Fr.) Fr in Galicia is detailed, also a description, comments and illustrations are contributed.

**Key words:** *Russula*, *Russulales*, *Basidiomycota*, Galicia, iberian peninsula.

## **INTRODUCCIÓN**

A Rúa de Valdeorras é un concello da comarca de Valdeorras situada no noreste da provincia de Ourense (España). Dende un punto de vista bioclimático A Rúa forma parte das áreas xeográficas galegas con macrobioclima mediterráneo (Cañón do Sil, Val de Quiroga e Valdeorras). Concretamente a bioclimatoloxía de A Rúa correspondería a un macroclima mediterráneo pluviestacional, bioclima euoceánico, termotipo mesomediterráneo inferior e ombrotipo subhúmedo inferior

---

<sup>1</sup> Casa das Asociacións, Local cero, Parque da Milagrosa, E-27003-Lugo. e-mail: [info@smlucus.org](mailto:info@smlucus.org)

<sup>2</sup> San Xurxo, A Laxe nº12B, Salceda de Caselas E-36473-Pontevedra. e-mail: [oscarequejo@hotmail.com](mailto:oscarequejo@hotmail.com)  
Membro do Grupo Micológico Galego Luís Freire

(RODRÍGUEZ et RAMIL-REGO, 2007). Nesa influencia mediterránea e baixo especies arbóreas típicas do clima, atopamos a especie estudada, que segundo o traballo de RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ et CASTRO (2011) e a revisión bibliográfica realizada trátase da primeira cita para Galicia.

## **METODOLOXÍA**

Para as descrições macroscópicas dos exemplares tomáronse anotacións en fresco. A revisión microscópica fíxose a partir do material deshidratado, e os reactivos usados foron Vermello Congo e hidróxido potásico (KOH 10%). Tamén se utilizou reactivo Melzer para a reacción amiloide das esporas e resaltar a ornamentación das mesmas (BASSO, 2005). As observacións fixéronse con microscopios ópticos Nikon YS100 e Radical RXL-4T, con obxectivos de 40x e 100x, e oculares de 10x. As fotografías microscópicas das estruturas mais relevantes tomáronse cunha cámara Canon 60D acoplada o triocular. As medicións efectuáronse cos micrómetros dos oculares e co programa de medición Piximetre versión 5.5.



Fig. 1. *Russula galochroa*

As *exsiccata* atópanse depositadas nos herbarios persoais dos autores (REQ-Fungi e LUCUS).

## DESCRICIÓN DO TAXÓN

***Russula galochroa* (Fr.) Fr., *Hymenomyc. eur.*: 447. 1874**

**Macroscopía:** Sombreiro ata 55 mm de diámetro, inicialmente hemisférico, deformado, lobulado en zonas, que se estende ata quedar plano cunha depresión central. Superficie lisa, timidamente acanalada en exemplares adultos. Cor branca con reflexos gris verdosos mais notables nos exemplares novos. Nas zonas danadas ou na madurez toma unha coloración ferruxinosa. Láminas crema amarelento, espaciadas, sutilmente decorrentes e anastomosadas.

Pé de 40 x 1,5 mm, cilíndrico, atenuado na base, liso de color branco con algunha mancha ferruxinosa sobre todo na base. Macizo, ocasionalmente cavernoso na inserción co píleo. Carne branca, compacta, sabor doce e cheiro agradable. Con  $\text{FeSO}_4$ , a cutícula vira amarelo alaranxado, rosa na carne.

**Microscopía:** Basidios craviformes, tetra ou bispóricos 35-45 x 8-10  $\mu\text{m}$ . Esporas subelipsoides de 7-8,2(9) x 5,5-7  $\mu\text{m}$ , amiloides, verrucosas que apenas forman retículo cun prominente apéndice hifal. Cistidios de 56-97 x 10-14  $\mu\text{m}$ , fusiformes, habitualmente mucronados, con pigmentos intracelulares. Cutícula formada por hifas septadas con elementos moi variables en formas e medidas con diámetros entre 3,5 y 7,5  $\mu\text{m}$ . Pileocistidios con contido intracelular, de fusiformes a craviformes, algúns apendiculados. Non se observaron fíbulas.




Fig. 2. *Russula galochroa*, esporas.




Fig. 3. *Russula galochroa*, elementos da epicutis.



Fig. 4. *Russula galochroa*, dermatocistidio.

**Material estudado:** Ourense (Ou), A Rúa de Valdeorras, Roblido, 29TPG5135, baixo *Quercus suber* e *Arbutus unedo*, 24-XI-2012, J.Alonso e O.Requejo. REQ-Fungi 472. Ibidem LUCUS 1261112-08.

### Observacións:

Este taxón pertence a sección *Heterophyllae*, subsección *Griseinae*. O tamaño e o hábitat das coleccións estudadas poderían corresponderse mais coa *Russula galochroides* Sarnari tal como aparecen descritas por SARNARÍ (1998) ou MONEDERO (2011). Seguindo o criterio de SARNARÍ (*op. cit.*) foi indispensable recorrer á microscopía para diferenciar ambos taxóns, *R. galochroa* ten as esporas verrucosas e apenas cristadas e a epicutis, cos elementos finais cravados, catenulados e ben diferenciados; por outra parte, *R. galochroides* ten as esporas coas verrugas formando retículo e os elementos terminais da cutícula son cilíndricos. No material estudado as esporas móstranse, nalgúns casos, bastante ornamentadas por mor das verrugas, incluso formando pequenas crestas, neste caso as estruturas terminais da cutícula serven como elemento diferenciador entre os dous taxa.

## **BIBLIOGRAFÍA**

- BASSO, M.T. 2005. *Manuale di microscopia dei funghi*. Ed. Libreria Mykoflora. Alassio.
- MONEDERO GARCÍA, C. 2011. *El Género Russula en la Península Ibérica*. Ed. Centro de Estudios Micológicos de Euskadi.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2011. Actualización do catálogo micolóxico galego (*Agaricomycotina, Basidiomycota*) Mykes 13: 33-136. [2010]
- RODRÍGUEZ GUITIÁN, M.A. et RAMIL-REGO, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos rurais* 1(3): 31-53.
- SARNARI, M. 1998. *Monografia illustrata del genere Russula in Europa. Tomo primo*. A.M.B. Fondazione Centro Studi Micologici. Trento.